

23663 *LEI 8/2000, do 22 de decembro, sobre concesión de varios créditos extraordinarios, por importe de 354.696.080 pesetas, destinados a atenderlo principal e o pagamento de custas derivados de diversas sentencias xudiciais, así como os correspondentes xuros de demora.* («BOE» 307, do 23-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente lei ten como finalidade dota-lo crédito necesario para atenderlo principal, xuros de demora e custas derivadas das sentencias xudiciais que a seguir se detallan:

a) A sentenza do 26 de xaneiro de 1995 impuxo a devolución ós suxeitos pasivos da contribución territorial rústica e pecuaria da provincia de Córdoba das cotas correspondentes ó quinquenio 1983-1987, determinadas con base nos cadros de tipos avaliatorios de cultivos e táboas de rendementos medios da gandería independente, anulados pola sentenza do 8 de xullo de 1988 da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, así como ós xuros de demora desde a data en que se efectuaron os respectivos ingresos ata o 3 de novembro de 1992.

En cumprimento do anterior, aprobouse o Real decreto lei 12/1996, do 26 de xullo, polo que se concedía un crédito extraordinario de 834.690.000 pesetas, destinado ó pagamento dos xuros de demora. Sen embargo, non se procedeu á devolución das cotas ó acordarse a compensación de tales débedas tributarias coas novas cotas determinadas de acordo cos novos cadros de tipos avaliatorios aprobados por acordo do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Córdoba e provincia, do 11 de novembro de 1988.

Non obstante, a sentenza do Tribunal Supremo do 4 de xullo de 1998 anulou o referido acordo do 11 de novembro de 1988, así como as correspondentes liquidacións tributarias derivadas da aplicación retroactiva dos cadros de tipos e táboas nel contidos. Por este motivo e mediante autos do 19 de outubro e 17 de decembro de 1998 da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, a Dirección Xeral do Catastro foi requirida para que procedese á devolución das cotas indebidamente ingresadas, debendo satisfacerse, pola súa vez, os xuros de demora desde o 3 de novembro de 1992 ata o momento do pagamento, o que orixina unhas obrigas de 288.882.941 pesetas, que se atenderán mediante a concesión dun crédito extraordinario.

b) A sentenza do 29 de abril de 1998 da Audiencia Nacional determina a obriga da Administración de indemnizar-la sociedade «Siderúrgica Sevillana, S.A.», polos prexuízos causados como consecuencia da desestimación da solicitude, por aquela presentada, de tres licencias de importación de electrodos de grafito procedentes de Italia e Polonia en réxime de tráfico de perfeccionamento activo, ó abeiro da autorización de que era titular, así como ós correspondentes xuros de demora.

Esta circunstancia motiva a concesión dun crédito extraordinario por importe de 18.660.207 pesetas.

c) Por diversos pronunciamentos xudiciais nos que en distintos procedementos —liquidacións tributarias

practicadas pola Administración, liquidacións de Aduanas, nulidade de títulos de inscrición, providencias de constrinximento—, foi condenada a Administración ó pagamento das correspondentes custas, motivando a concesión dun crédito extraordinario por importe de 12.965.967 pesetas.

Por outra parte, a sentenza do 5 de novembro de 1998, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, confirma a sentenza do 12 de maio de 1992 pola que se declaran indebidos os ingresos efectuados pola sociedade «Petróleos del Mediterráneo, S.A.», por liquidacións da taxa «Subsecretaría de Comercio», correspondentes á autorización concedida pola daquela Dirección Xeral de Política Arancelaria e Importación derivada da solicitude de catro licencias para operacións especiais de maquía, impóndolle á Administración a obriga de devolver-lo importe daqueles, así como ós xuros de demora desde a data de ingreso.

Por isto e tendo en conta que se trata dunha devolución de ingresos, tramítase o crédito extraordinario por importe de 34.186.965 pesetas correspondentes ós xuros de demora indicados.

Os créditos extraordinarios tramítanse de acordo co Consello de Estado, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. Concesión dun crédito extraordinario por importe de 288.882.941 pesetas.

Para atenderlo pagamento de xuros de demora a determinados suxeitos pasivos da contribución territorial rústica e pecuaria da provincia de Córdoba, concédese un crédito extraordinario por importe de 288.882.941 pesetas ó orzamento en vigor da sección 15 «Ministerio de Economía e Facenda», servizo 08 «Dirección Xeral do Catastro», programa 613D «Xestión dos catastros inmobiliarios, rústicos e urbanos», capítulo 3 «Gastos financeiros», artigo 35 «Xuros de demora e outros gastos financeiros», concepto 353 «Xuros de demora derivados da sentenza do Tribunal Supremo do 26 de xaneiro de 1995 e das providencias da Audiencia Nacional do 19 de outubro e do 17 de decembro de 1998».

Artigo 2. Concesión dun crédito extraordinario por importe de 18.660.207 pesetas.

Para indemnizar a «Siderúrgica Sevillana, S.A.», concédese un crédito extraordinario por importe de 18.660.207 pesetas, ó orzamento en vigor da sección 15 «Ministerio de Economía e Facenda», servizo 22 «Secretaría Xeral de Comercio Exterior», programa 762A «Ordenación do comercio exterior», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 47 «A empresas privadas», concepto 470 «A Siderúrgica Sevillana S.A., en execución da sentenza 570/93, da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional e do auto desta mesma Sala do 3 de outubro de 1998».

Artigo 3. Concesión dun crédito extraordinario por importe de 47.152.932 pesetas.

Para atenderlo pagamento das custas derivadas de diversas sentencias xudiciais, concédese un crédito extraordinario por importe de 47.152.932 pesetas ó orzamento en vigor da sección 15 «Ministerio de Economía e Facenda», servizo 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais», co detalle que se recolle no anexo.

Artigo 4. Financiamento dos créditos extraordinarios.

Os créditos extraordinarios ós que se refiren os artigos anteriores financiaranse con débeda pública, de acordo

co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 5. Autorización para amplia-los créditos extraordinarios.

Os créditos extraordinarios ós que se refiren os artigos anteriores consígnanse con carácter de ampliáveis coa finalidade de atende-los xuros que se produzan como consecuencia do momento en que se efectúe o pagamento. A autorización das ampliacións de crédito corresponderalle ó ministro de Facenda.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

Servicio 01: Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	Programa 611.A: «Dirección e Servicios Xerais de Economía e Facenda»	
	<i>Artigo 22. Material, subministracións e outros</i>	
Concepto 229.	Para atende-lo pagamento de custas derivadas de diversas sentencias xudiciais.	
00	Recursos contencioso-administrativos 3/4450, 3/434/92, 3/2329/92 902/94 relativos a diversas sentencias da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo	3.241.683
01	Recurso 01/178/92, relativo á sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana do 29 de novembro de 1991	174.000
02	Recurso 56/90, relativo ás sentencias dictadas polo Xulgado de Primeira Instancia número 5 de Córdoba	9.456.102
03	Recurso 87/92, correspóndese coa sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía do 20 de maio de 1993	94.182
	<i>Artigo 35. Xuros de demora e outros gastos financeiros</i>	
Concepto 353.	Xuros de demora derivados da sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo do 5 de novembro de 1998	34.186.965
	Total Servicio 01: Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais	47.152.932

23664 LEI 9/2000, do 22 de decembro, pola que se concede un crédito extraordinario por importe de 46.624.357.971 pesetas, para a atención dos gastos derivados da execución da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo. («BOE» 307, do 23-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, foi o instrumento a través do cal o Estado e, con el, toda a sociedade española quixeron render testemuño de honor e recoñecemento a cantos sufriron a violencia terrorista.

Unha das manifestacións que a norma legal citada amosa como homenaxe ás vítimas do terrorismo é facer efectivo o seu dereito a seren resarcidos ou indemnizados sobre a base da responsabilidade civil existente, razón pola cal o Estado decidiu asumir-lo pagamento das indemnizacións que lles son debidas polos autores e demais responsables dos actos terroristas.

Trátase, pois, dunha simple compensación material dirixida a un colectivo ó que o sacrificio xamais lle poderá ser plenamente compensado, pero que representa, polo menos, un recoñecemento expreso e público a uns valores democráticos duramente defendidos, demostrados e consolidados.

O obxectivo perseguido por esta norma é, polo tanto, acelerar, na medida do posible, a acción reparadora que os poderes públicos voluntariamente asumiron, empregando para isto os mecanismos legalmente previstos, pois trátase dunhas obrigas de cumprimento inaprazable e para as cales non existe ningunha dotación orzamentaria. Así, o artigo 64 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, prevé nestes casos que o ministro de Facenda, logo do informe da Dirección